

- PROGRAMA - RECOÑECEMENTO ARRAIANO MAIOR DA RAIÁ SECA

DOMINGO, 26 DE XULLO DO 2009

ARRAIANOS

Comezamos esta xornada cunha andaina dende Ludeiros (Lobios) ata a Madalena, para rememorar as vivencias das xentes desta parte da raia que celebraban unha festa contra os impedimentos e as barreiras da división política e administrativa. A fronteira da Madalena foise convertendo así nun espazo simbólico de veciñanza e respecto, nun lugar onde se estableceron fondas raizames e lazos de solidariedade transfronteiriza cos que os arraianos de hoxe nos identificamos e reivindicamos como propios e esenciais para o futuro destes dous pobos irmaus.

Un nativo destas terras vai nos guiar polo roteiro entre Ludeiros e a Madalena, falándonos dun percorrido que foi seguido por moitos veciños e veciñas para ir ao contrabando; lembrándonos os envites do lobo ou os aproveitamentos do monte comunal, e describíndonos o patrimonio natural e etnográfico da zona, a través das historias dun mundo que esmorece.

Ao remate da andaina haberá un xantar arraiano. Os que queiran participar poderán facelo despois de ingresar **20 euros** no número de conta **2080 0329 31 0040005303** de Caixa Nova, antes do día 20 de xullo (o xustificante de ingreso acreditará o dereito ao xantar).

11,00: Reunión en Ludeiros (Lobios), no carballo do santo lugar de partida da andaina.

11,30: Lectura do manifesto da andaina.


12,00: Saída cara a Madalena.

12,30: Parada na sobreira centenaria do Bubán e lecturas.

13,15: Chegada a Madalena.

14,00: Comida arraiana na carballeira e tertulia de sobremesa

16,30: Entrega do recoñecemento como Arraiano Maior da Raia Seca a Xosé Luís Méndez Ferrín, achegas poéticas das Redes Escarlata.



COLABORAN



Concello de Lobios



Concello de Entrimo



Freguesía de Lindoso



Concello de Muiños



Concello de Bande



Concello de Lobeira